



## Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO  
Servizos Centrais

### **MEMORIA** **(CONTA XERAL 2008)**

#### **1. ORGANIZACIÓN.**

##### **1.1. Constitución e natureza.**

A "Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo" é un organismo autónomo administrativo con personalidade xurídica pública e patrimonio propios para o cumprimento dos seus fins. Este organismo autónomo está sometido a tutela, fiscalización e control do Concello de Vigo e ten unha duración indefinida.

Foi creado por acordo do Pleno da Corporación de 29 de xullo de 1996, publicándose a súa constitución e estatutos no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 4 de setembro de 1996. A creación do organismo autónomo amparouse nos artigos 15 a 19 do Regulamento de Xestión Urbanística e no artigo 85.3 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (agora artigo 85.2.A).b) da mesma norma).

##### **1.2. Funcións do Organismo Autónomo.**

A Xerencia Municipal de Urbanismo ten encomendada, con carácter xeral, a xestión urbanística no termo municipal de Vigo e, en especial:

a) As funcións instrumentais de estudio e xestión relativas a:

- Elaboración de plans e proxectos de ordenación urbana, tanto Xeral como Parciais e Especiais, Programas de Actuación Urbanística, Estudos de Detalle, Ordenanzas de Edificación e Usos do Solo, Catálogos e demais normas urbanísticas, establecemento dos sistemas de actuación aplicables para a execución de planeamento en unidades de execución, proxectos de urbanización ou de obras ordinarias, proxectos de reparcelación e de expropiación e cantos proxectos de iniciativa municipal se lle encomenden.
- Programa-la actuación urbanística a medio e a curto prazo.
- Redactar, tramitar e executar proxectos de expropiación forzosa ou de desafuzamento de bens ou dereitos arrendaticios por razóns urbanísticas, correspondendo a decisión ao Pleno da Corporación en canto á declaración de utilidade pública e interese social, máis a necesidade de concreta ocupación de



## Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO  
Servizos Centrais

bens en orde á expropiación, cando dita decisión non se derive da automática aplicación do disposto nos Plans de Ordenación Urbanística, segundo artigo 132 da Lei 1/92, de 26 de xuño.

- Preparar e propoñer a aprobación das organismos competentes, calquera clase de documentos e proxectos de índole urbanística que deba redacta-lo Concello.
  - Informar e propoñer a aprobación, no seu caso, dos expedientes que se tramitan a iniciativa particular nas materias sinaladas nos apartados anteriores ou que se promoven por órganos do Estado ou entidades de dereito público, con suxeición ao planeamento urbanístico.
- b) Executar, directa ou indirectamente, plans, programas e proxectos urbanísticos, así como realizar cantos actos que a lei atribúe aos Concellos en relación coa execución do planeamento.
- c) As funcións de policía urbanística relativas a:
- Sinalamento de aliñacións e rasantes.
  - Concesión de licenzas urbanísticas relativas a edificación e uso do solo, subsolo e voo.
  - Ordes de execución en materia urbanística.
  - Revisión das licencias ou ordes de execución o contido das cales constitúan unha infracción tipificada como grave.
  - Aprobación de pregos de condicións e contratación de obras de urbanización.
  - Expedición de informes e de cédulas urbanísticas.
  - Xestión da inspección urbanística.
  - Exercicio da potestade sancionadora por infraccións urbanísticas cometidas, e de reestablecemento da legalidade urbanística.
  - Inclusión e venda forzosa de fincas mediante a súa incorporación ao Rexistro Municipal de Solares e Terreos sen Urbanizar.
  - Concesión de licenzas de parcelación.
  - Declaración de estado ruinoso de Inmobles e a súa demolición.
- d) O nomeamento e a contratación do persoal propio da Xerencia, así como todo o referente ás retribucións, xornada de traballo, réxime disciplinario e cese de dito persoal, segundo convenio regulador dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo, sen prexuízo do disposto no apartado f) do artigo seguinte.
- e) A xestión do Patrimonio Municipal do Solo, para o cal poderá adquirir, ocupar e aceptar cesións de terreos, posuir, reivindicar, administrar, gravar, allear ou ceder



## Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO  
Servizos Centrais

toda clase de bens e dereitos que integran dito patrimonio sen prexuízo das competencias que nesta materia lle corresponden ao Concello.

- f) Leva-lo Rexistro de Transferencias de Aproveitamentos Urbanísticos e demais Rexistros e inventarios.

### **1.3. Órganos de goberno.**

Os órganos de goberno da Xerencia son:

- O Presidente.
- O Vicepresidente.
- O Consello da Xerencia.
- O Xerente.

O Consello da Xerencia está presidido polo Alcalde-Presidente do Concello e integrado por dez concelleiros nomeados polo Pleno, a proposta dos grupos políticos municipais, en proporción á representación de cada ún deles na Corporación municipal.

### **1.4. Persoal que presta servizo.**

O persoal que presta servizo na Xerencia Municipal de Urbanismo está integrado por 101 empregados:

- 1) 58 funcionarios con praza no cadro de persoal do Concello e adscritos á Xerencia Municipal de Urbanismo (neste momento catro destas prazas están vacantes).
- 2) 42 funcionarios con praza no cadro de persoal propio do Organismo Autónomo.
- 3) O xerente (posto de carácter de persoal eventual de confianza).

Ocasionalmente realízanse contratacións laborais temporais, baixo a modalidade de "obra ou servizo determinado" ou de "acumulación de tarefas".

O organigrama da Xerencia Municipal de Urbanismo está integrado, ademáis da Xefatura, por 5 áreas: Secretaría (da que dependen as unidades de Información, Rexistro, Seguemento de Expedientes e Arquivo), Servizos Técnicos, Planeamento e Xestión, Intervención Urbanística (que agrupa Licenzas de Actividades, Licenzas de



## Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO  
Servizos Centrais

Obras, Infraccións Urbanísticas-Inspección, Barrios Históricos e Inspección Técnica de Edifícios) e Servizos Centrais (Servizos Económicos, Persoal, Contratación, Informática e Conserxería).

### **1.5. Orzamento e principais fontes de financiación.**

O Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo no exercicio 2008 acadou o importe de 6.511.064,23 euros, a nivel de créditos iniciais, e de 15.855.427,59 euros, a nivel de créditos definitivos.

As súas principais fontes de financiación son as taxas pola tramitación de expedientes de licenzas (cun peso aproximado ao 50% do orzamento inicial), as multas urbanísticas, o alleamento de bens e dereitos integrantes do Patrimonio Público do Solo e as transferencias doutras Administracións, en especial a transferencia corrente realizada pola Administración Xeral do Concello (que representa un 45% do Orzamento inicial).

## **2. XESTIÓN INDIRECTA DOS SERVIZOS.**

A prestación do servizo de xestión urbanística que desenvolve este Organismo Autónomo realízase, ao cen por cen, en réxime de xestión directa ao abeiro do establecido polo artigo 85.2.A).b) da Lei estatal 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

A través de contratos de asistencia técnica xestionanse dúas Oficinas dependentes da Xerencia Municipal de Urbanismo:

- Oficina redactora do Plan Xeral de Ordenación Municipal.
- Oficina de Rehabilitación da Vivenda en Casco Vello e Bouzas.

## **3. BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS E NORMAS DE VALORACIÓN.**

### **a) Principios contables.**

A presentación das contas, coas salvedades que se porán de manifesto nesta Memoria respecto ao patrimonio municipal do solo, perseguen expresar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, da execución do Orzamento e dos resultados da entidade.



## **Concello de Vigo**

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO  
Servizos Centrais

Na contabilidade séguense os principios de entidade contable, de xestión continuada, de uniformidade, de importancia relativa, de rexistro, de prudencia, de devengo, de imputación da transacción, do prezo de adquisición, de correlación de ingresos e gastos, de non compensación e de desafectación.

### **b) Normas de valoración.**

Aplicase na valoración dos bens (respecto ao inmovilizado e patrimonio, en xeral, e ao patrimonio municipal do solo, en particular) o prezo de adquisición ou o coste de produción de todos os bens.

## **4. INMOVILIZACIÓNS MATERIAIS E INMATERIAIS.**

De conformidade coa Instrucción de Contabilidade aprobada pola Orde EHA/4010/2004, de 23 de novembro, reflíctense nos listados anexos os datos respecto dos investimentos destinados ao uso xeral e ao inmovilizado material (saldo inicial, entradas e saldo final). Non existen inmovilizacións inmateriais.

## **5. PATRIMONIO MUNICIPAL DO SOLO.**

A inexistencia dun inventario concluído e aprobado do patrimonio municipal do solo provoca que na contabilidade patrimonial non se reflícta a súa existencia, o que contradice o principio de imaxe fiel do patrimonio. O documento contable incluído na Memoria inclúe investimentos por importe de 742.771,17 euros, realizados en bens patrimoniais.

No exercicio 2008 realizouse o alleamento de aproveitamentos urbanísticos municipais por importe de 3.222.131,46 €. Estes alleamentos contabilizáronse como ingreso corrente (concepto 397.00 do Estado de ingresos), seguindo a consulta da Intervención Xeral da Administración do Estado nº 11 de 1 de setembro de 1993.

A través da modificación orzamentaria 10/2008, estes recursos, provintes da xestión-alieamento do Patrimonio Municipal do Solo, destináronse a xerar créditos correspondentes a gastos de capital (capítulos 6 e 7 do orzamento), seguindo o pronunciamento do Consello de Contas (na fiscalización realizada do exercicio 2004). Neste pronunciamento o órgano fiscalizador mostrábase contrario a utilización dos devanditos recursos para financiar gasto corrente (incluíndo o que contribúe ao desenvolvemento do planeamento urbanístico).



## **Concello de Vigo**

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO  
Servizos Centrais

### **6. INVESTIMENTOS FINANCIEROS.**

Soamente se rexistran movementos, como investimento financeiro temporal, polos préstamos sin xuros (anticipos) concedidos ao persoal de plantilla deste Organismo Autónomo (partida de gastos 4320.8300000 e concepto de ingresos 830.00).

### **7. PROVISIÓNS DE INMOVILIZADO e FINANCIERAS.**

Non se dotaron provisións de inmovilizado, nin financeiras.

### **8. ESTADO DE TESOURERÍA.**

O Estado de Situación de Existencias en Tesourería reflicte o saldo nas dúas contas operativas que manexa este Organismo Autónomo, así como nas contas restrinxidas de fondos a xustificar. O saldo reduciuse considerablemente respecto do exercicio anterior como consecuencia do incremento dos pagamentos realizados no exercicio, que practicamente se duplicaron respecto de 2007. Este incremento dos pagamentos débese basicamente ao importe das expropiacións realizadas, e as transferencias destinadas ao consorcio do casco vello pagadas en 2008: 1 millón de euros do exercicio 2008, e 1 millón de euros correspondente ao exercicio pechado 2007.

### **9. FONDOS PROPIOS.**

O saldo positivo da conta 129 "Resultados do exercicio", por importe de 1.635.535,82 euros garda relación, polo seu carácter positivo, cos ingresos producidos polo alleamento dos aproveitamentos urbanísticos municipais.

### **10. ESTADO DE DÉBEDA, AVAIS CONCEDIDOS E ESTADO E SITUACIÓN DOS RECURSOS ADMINISTRADOS POR CONTA DOUTROS ENTES PÚBLICOS.**

Os estados informatizados non presentan movementos por non existir os supostos que poderían dar lugar ás correspondentes contabilizacións.



## Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO  
Servizos Centrais

### **11. OPERACIÓNS NON ORZAMENTARIAS DE TESOURERÍA.**

Os estados contables que reflicten as operacións orzamentarias estrutúranse en catro apartados (o último deles sen movementos):

- Debedores.
- Acreedores.
- Partidas pendentes de aplicación. Ingresos.
- Partidas pendentes de aplicación. Pagos.

Respecto aos debedores, o importe reflicte únicamente as provisións ou anticipos concedidos a profesionais que prestan servizo para esta Administración.

Destácanse as débedas coa Facenda Pública que se liquidan en xaneiro do exercicio seguinte e o saldo da conta 41905 "outros acreedores non orzamentarios" que recolle saldos de ingresos realizados polas entidades financeiras colaboradoras sin a debida xustificación (a meirande parte corresponden a ingresos da Administración Xeral do Concello).

### **12. SUBVENCIONS RECIBIDAS, VALORES RECIBIDOS EN DEPÓSITO.**

#### **a) SUBVENCIONS RECIBIDAS:**

##### **1) SUBVENCIÓN DO CONCELLO PARA GASTO CORRIENTE:**

- a) Obxecto:* financiación parcial do gasto corrente deste Organismo Autónomo.
- b) Entidade concedente:* Concello de Vigo.
- c) Data concesión:* ao longo do exercicio orzamentario.
- d) Importe total:* 2.950.000,00 euros.
- e) Concepto orzamentario:* 400.00 Transferencia corrente da Administración Xeral da Entidade Local.

##### **2) SUBVENCIÓN DO INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO PAGUS.**

- a) Obxecto:* execución do proxecto acollido á Operación Marco Rexional PAGUS (Programa de Asistencia y Gestión Urbana Sostenible).
- b) Entidade concedente:* Instituto Galego de Vivenda e Solo (Xunta de Galicia).
- c) Data concesión:* convenio do 5 de xuño de 2007.
- d) Importe total:* 48.735,00 euros.



## Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO  
Servizos Centrais

e) *Concepto orzamentario*: 451.02 Transferencia OO.AA. Administrativos da Comunidade Autónoma.

### 3) SUBVENCIÓN DA CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO PARA O MANTEMENTO DA OFICINA DE REHABILITACIÓN DE VIVENDAS.

a) *Obxecto*: subvención ao mantemento da Oficina xestora das axudas para a rehabilitación de vivendas no Barrio Histórico de Vigo.

b) *Entidade concedente*: Consellería de Vivenda e Solo (Xunta de Galicia).

c) *Data concesión*: resolución de 8 de novembro de 2007.

d) *Importe total*: 105.247,73 euros.

e) *Concepto orzamentario*: 455.00 Transferencia corrente da Administración Xeral da Comunidade.

### 4) SUBVENCIÓN DO MINISTERIO DE FOMENTO PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS.

a) *Obxecto*: axudas para a rehabilitación de vivendas no Barrio Histórico de Vigo.

b) *Entidade concedente*: Ministerio de Fomento (Administración do Estado).

c) *Data concesión*: convenio do 27 de abril de 2006 (7ª fase).

d) *Importe total*: 85.800,00 euros.

e) *Concepto orzamentario*: 720.00 Transferencia de capital da Administración Xeral do Estado.

### 5) SUBVENCIÓN DO MINISTERIO DE FOMENTO PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS.

a) *Obxecto*: axudas para a rehabilitación de vivendas no Barrio Histórico de Vigo.

b) *Entidade concedente*: Ministerio de Fomento (Administración do Estado).

c) *Data concesión*: convenio do 23 de abril de 2007 (8ª fase).

d) *Importe total*: 75.800,00 euros.

e) *Concepto orzamentario*: 720.01 Transferencia de capital da Administración Xeral do Estado.

### 6) SUBVENCIÓN DO MINISTERIO DE FOMENTO PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS.

a) *Obxecto*: axudas para a rehabilitación de vivendas no Barrio Histórico de Vigo.

b) *Entidade concedente*: Ministerio de Fomento (Administración do Estado).

c) *Data concesión*: convenio do 8 de novembro de 2007 (9ª fase).

d) *Importe total*: 53.700,00 euros.



## Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO  
Servizos Centrais

e) *Concepto orzamentario:* 720.04 Transferencia de capital da Administración Xeral do Estado.

### 7) SUBVENCIÓN DO MINISTERIO DE FOMENTO PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS.

a) *Obxecto:* axudas para a rehabilitación de vivendas no Barrio Histórico de Bouzas.

b) *Entidade concedente:* Ministerio de Fomento (Administración do Estado).

c) *Data concesión:* convenio do 27 de abril de 2007 (2ª fase).

d) *Importe total:* 107.250,00 euros.

e) *Concepto orzamentario:* 720.02 Transferencia de capital da Administración Xeral do Estado.

### 8) SUBVENCIÓN DO MINISTERIO DE FOMENTO PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS.

a) *Obxecto:* axudas para a rehabilitación de vivendas no Barrio Histórico de Bouzas.

b) *Entidade concedente:* Ministerio de Fomento (Administración do Estado).

c) *Data concesión:* convenio do 23 de abril de 2007 (3ª fase).

d) *Importe total:* 25.400,00 euros.

e) *Concepto orzamentario:* 720.03 Transferencia de capital da Administración Xeral do Estado.

### 9) SUBVENCIÓN DO MINISTERIO DE FOMENTO PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS.

a) *Obxecto:* axudas para a rehabilitación de vivendas no Barrio Histórico de Bouzas.

b) *Entidade concedente:* Ministerio de Fomento (Administración do Estado).

c) *Data concesión:* convenio do 8 de novembro de 2007 (4ª fase).

d) *Importe total:* 31.502,27 euros.

e) *Concepto orzamentario:* 720.05 Transferencia de capital da Administración Xeral do Estado.

### 10) SUBVENCIÓN DA CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS.

a) *Obxecto:* axudas para a rehabilitación de vivendas no Barrio Histórico de Vigo.

b) *Entidade concedente:* Consellería de Vivenda e Solo (Xunta de Galicia).



## Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO  
Servizos Centrais

*c) Data concesión:* convenio do 27 de abril de 2006 (7ª fase).

*d) Importe total:* 71.500,00 euros.

*e) Concepto orzamentario:* 755.00 Transferencia de capital da Administración Xeral da Comunidade.

### 11) SUBVENCIÓN DA CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS.

*a) Obxecto:* axudas para a rehabilitación de vivendas no Barrio Histórico de Vigo.

*b) Entidade concedente:* Consellería de Vivenda e Solo (Xunta de Galicia).

*c) Data concesión:* convenio do 23 de abril de 2007 (8ª fase).

*d) Importe total:* 58.500,00 euros.

*e) Concepto orzamentario:* 755.01 Transferencia de capital da Administración Xeral da Comunidade.

### 12) SUBVENCIÓN DA CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS.

*a) Obxecto:* axudas para a rehabilitación de vivendas no Barrio Histórico de Vigo.

*b) Entidade concedente:* Consellería de Vivenda e Solo (Xunta de Galicia).

*c) Data concesión:* convenio do 8 de novembro de 2007 (9ª fase).

*d) Importe total:* 39.000,00 euros.

*e) Concepto orzamentario:* 755.04 Transferencia de capital da Administración Xeral da Comunidade.

### 13) SUBVENCIÓN DA CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS.

*a) Obxecto:* axudas para a rehabilitación de vivendas no Barrio Histórico de Bouzas.

*b) Entidade concedente:* Consellería de Vivenda e Solo (Xunta de Galicia).

*c) Data concesión:* convenio do 27 de abril de 2006 (2ª fase).

*d) Importe total:* 89.375,00 euros.

*e) Concepto orzamentario:* 755.02 Transferencia de capital da Administración Xeral da Comunidade.

### 14) SUBVENCIÓN DA CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS.



## Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO  
Servizos Centrais

- a) Obxecto:* axudas para a rehabilitación de vivendas no Barrio Histórico de Bouzas.
- b) Entidade concedente:* Consellería de Vivenda e Solo (Xunta de Galicia).
- c) Data concesión:* convenio do 23 de abril de 2007 (3ª fase).
- d) Importe total:* 19.500,00 euros.
- e) Concepto orzamentario:* 755.03 Transferencia de capital da Administración Xeral da Comunidade.

### 15) SUBVENCIÓN DA CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS.

- a) Obxecto:* axudas para a rehabilitación de vivendas no Barrio Histórico de Bouzas.
- b) Entidade concedente:* Consellería de Vivenda e Solo (Xunta de Galicia).
- c) Data concesión:* convenio do 8 de novembro de 2007 (4ª fase).
- d) Importe total:* 24.375,00 euros.
- e) Concepto orzamentario:* 755.05 Transferencia de capital da Administración Xeral da Comunidade.

### **b) VALORES RECIBIDOS EN DEPÓSITO.**

Do estado de valores recibidos en depósito dedúcese que existen únicamente cancelacións dos avais depositados noutros exercicios. Os avais de urbanismo seguen depositándose na Tesourería da Administración Xeral do Concello.

### **13. CADRO DE FINANCIAMENTO.**

Dos datos incluídos no cadro de financiamento dedúcese que existe un incremento de 1 millón de euros dos gastos de xestión e un aumento aínda maior (1 millón e medio de euros) dos recursos procedentes de operacións de xestión. Este incremento xeral débese a un maior importe no alleamento de aproveitamentos urbanísticos e nas transferencias corrientes. Redúcense, sin embargo, os ingresos tributarios (de 2,2 a 1,9 millóns de euros).

O incremento do capital circulante débese basicamente á intensa actividade nos últimos meses do ano que produciu unha forte débeda a curto prazo.



## Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO  
Servizos Centrais

### **14. MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS.**

Os datos máis salientables das modificacións orzamentarias son os seguintes:

- 1) Modificación de créditos 1/2008:
  - a) Tipo: Xeración de crédito.
  - b) Data de aprobación: 15-01-2008.
  - c) Importe: 157.300,00 euros.
  
- 2) Modificación de créditos 2/2008:
  - a) Tipo: Xeración de crédito.
  - b) Data de aprobación: 16-01-2008.
  - c) Importe: 196.625,00 euros.
  
- 3) Modificación de créditos 3/2008:
  - a) Tipo: Xeración de crédito.
  - b) Data de aprobación: 16-01-2008.
  - c) Importe: 134.300,00 euros.
  
- 4) Modificación de créditos 4/2008:
  - a) Tipo: Xeración de crédito.
  - b) Data de aprobación: 16-01-2008.
  - c) Importe: 44.900,00 euros.
  
- 5) Modificación de créditos 5/2008:
  - a) Tipo: Incorporación de remanentes.
  - b) Data de aprobación: 05-03-2008.
  - c) Importe: 5.395.281,90 euros.
  
- 6) Modificación de créditos 6/2008:
  - a) Tipo: Xeración de crédito.
  - b) Data de aprobación: 05-03-2008.
  - c) Importe: 280.929,88 euros.
  
- 7) Modificación de créditos 7/2008:
  - a) Tipo: Crédito extraordinario.
  - b) Data de aprobación: 27-03-2008.
  - c) Importe: 504.898,17 euros.
  
- 8) Modificación de créditos 8/2008:
  - a) Tipo: Xeración de crédito.
  - b) Data de aprobación: 22-04-2008.



## Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO  
Servizos Centrais

- c) Importe: 92.700,00 euros.
  
- 9) Modificación de créditos 9/2008:
  - a) Tipo: Xeración de crédito.
  - b) Data de aprobación: 22-04-2008.
  - c) Importe: 55.877,27 euros.
  
- 10) Modificación de créditos 10/2008:
  - a) Tipo: Xeración de crédito.
  - b) Data de aprobación: 21-07-2008.
  - c) Importe: 3.222.131,46 euros.
  
- 11) Modificación de créditos 11/2008:
  - a) Tipo: Transferencia de crédito.
  - b) Data de aprobación: 18-09-2008.
  - c) Importe: 187.571,15 euros.
  
- 12) Modificación de créditos 12/2008:
  - a) Tipo: Transferencia de crédito.
  - b) Data de aprobación: 27-11-2008.
  - c) Importe: 30.000,00 euros.

### **15. REMANENTES DE CRÉDITO.**

Da información do estado de remanentes de crédito destácase que a meirande parte deles son considerados como "incorporables", debéndose isto a que máis de tres millóns de euros son considerados créditos con financiación afectada e, polo tanto, de incorporación obrigatoria.

### **16. PROXECTOS DE GASTOS E FINANCIACIÓN AFECTADA.**

No estado obtido da aplicación informática non aparecen datos relativos aos proxectos de gastos existentes no Orzamento deste Organismo Autónomo.

A continuación reflíctense os datos de execución dos proxectos de gastos existentes, todos eles correspondentes a proxectos con financiación afectada, así como as desviacións de financiamento producidas:



## Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO  
Servizos Centrais

### 16.1.- PROXECTOS DE GASTOS (FINANCIACIÓN AFECTADA – EJERCICIO 2008):

Código	PROXECTO Descripción	GASTOS				
		partida	previsto	comprom.	obrigas rec.	pendiente
200801	7ª fase Casco Vello rehab.vivenda	6010300	66.000,00	0,00	0,00	66.000,00
	(MC1-2008)	7800700	91.300,00	81.313,35	71.164,43	20.135,57
	<b>TOTAL</b>		157.300,00	81.313,35	71.164,43	86.135,57
200802	2ª fase Bouzas rehab.vivendas	7000200	82.500,00	82.500,00	82.500,00	0,00
	(MC.2-2008)	7802200	114.125,00	113.113,03	93.838,17	20.286,83
	<b>TOTAL</b>		196.625,00	195.613,03	176.338,17	20.286,83
200803	8ª fase casco vello rehab.vivendas	7800800				
	(MC.3-2008)	<b>TOTAL</b>	134.300,00	127.131,29	97.474,57	36.825,43
200804	3ª fase Bouzas rehab.vivendas	7802300				
	(MC.4-2008)	<b>TOTAL</b>	44.900,00	19.747,10	19.747,10	25.152,90
200805	Oficina Rehabilitación Vivienda	2270606				
	(MC.6-2008)	<b>TOTAL</b>	140.247,73	150.000,00	150.000,00	-9.752,27
200806	9ª fase casco vello rehab.vivendas	7800900				
	(MC.8-2008)	<b>TOTAL</b>	92.700,00	63.705,09	48.864,39	43.835,61
200807	4ª fase Bouzas rehab.vivendas	7802400				
	(MC.9-2008)	<b>TOTAL</b>	55.877,27	45.219,00	35.560,61	20.316,66
200808	Transf. Consorcio Casco Vello	7670000				
	(MC.10-2008)	<b>TOTAL</b>	1.000.000,00	1.000.000,00	1.000.000,00	0,00
200809	Investimentos uso público	6010100				
	(MC.10-2008)		490.343,38	0,00	0,00	490.343,38
200810	Investimentos bens patrimoniais	6800100				
	(MC.10-2008)	<b>TOTAL</b>	1.731.788,08	336.747,38	336.747,38	1.395.040,70
<b>TOTAL</b>			4.044.081,46	2.019.476,24	1.935.896,65	2.108.184,81

(NOTA.- Nas partidas solo especificase a clasificación económica. A funcional é sempre 4320).



## Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO  
Servizos Centrais

### 16.2.- DESVIACIÓN DE FINANCIACIÓN (FINANCIACIÓN AFECTADA 2008):

PROXECTO		INGRESOS		GASTOS		DESVIAC.
Código	Descrición	concepto	dereitos rec.	partida	obrigas rec.	desv.positivas
200801	7ª fase casco vello rehab.vivendas (MC1-2008)	72000	85.800,00	6010300	0,00	
		75500	71.500,00	7800700	71.164,43	
		<b>TOTAL</b>	<b>157.300,00</b>	<b>TOTAL</b>	<b>71.164,43</b>	<b>86.135,57</b>
200802	2ª fase bouzas rehab.vivendas (MC.3-2008)	72002	107.250,00	7000200	82.500,00	
		75502	89.375,00	7802200	93.838,17	
		<b>TOTAL</b>	<b>196.625,00</b>	<b>TOTAL</b>	<b>176.338,17</b>	<b>20.286,83</b>
200803	8ª fase casco vello rehab.vivendas (MC.3-2008)	72001	75.800,00	7800800	97.474,57	
		75501	58.500,00			
		<b>TOTAL</b>	<b>134.300,00</b>	<b>TOTAL</b>	<b>97.474,57</b>	<b>36.825,43</b>
200804	3ª fase bouzas rehab.vivendas (MC.4-2008)	72003	25.400,00	7802300	19.747,10	
		75503	19.500,00			
		<b>TOTAL</b>	<b>44.900,00</b>	<b>TOTAL</b>	<b>19.747,10</b>	<b>25.152,90</b>
200805	Oficina Rehabilitación Vivenda (MC.6-2008)	45500	105.247,73	2270600	105.247,73	
		<b>TOTAL</b>	<b>105.247,73</b>	<b>TOTAL</b>	<b>105.247,73</b>	<b>0,00</b>
200806	9ª fase casco vello rehab.vivendas (MC8-2008)	72004	53.700,00	7800900	48.864,39	
		75504	39.000,00			
		<b>TOTAL</b>	<b>92.700,00</b>	<b>TOTAL</b>	<b>48.864,39</b>	<b>43.835,61</b>
200807	4ª fase bouzas rehab.vivendas (MC.9-2008)	72005	31.502,27	7802400	35.560,61	
		75505	24.375,00			
		<b>TOTAL</b>	<b>55.877,27</b>	<b>TOTAL</b>	<b>35.560,61</b>	<b>20.316,66</b>
200808	Transf. Consorcio Casco Vello (MC.10-2008)	39700	1.000.000,00	7670000	1.000.000,00	
		<b>TOTAL</b>	<b>1.000.000,00</b>	<b>TOTAL</b>	<b>1.000.000,00</b>	<b>0,00</b>
200809	Investimentos uso público (MC. 10-2008)	39700	490.343,38	6010100	0,00	
		<b>TOTAL</b>	<b>490.343,38</b>	<b>TOTAL</b>	<b>0,00</b>	<b>490.343,38</b>
200810	Investimentos bens patrimoniais (MC. 10-2008)	39700	1.731.788,08	6800100	336.747,38	
		<b>TOTAL</b>	<b>1.731.788,08</b>	<b>TOTAL</b>	<b>336.747,38</b>	<b>1.395.040,70</b>
<b>TOTAL</b>			<b>4.009.081,46</b>		<b>1.891.144,38</b>	<b>1.627.593,70</b>

As desviacións negativas de financiación, por importe total de 3.283.274,92 euros, equivalen á execución, en fase de obriga recoñecida, das remanentes de crédito de exercicios anteriores incorporadas ao exercicio 2008 (todas elas financiadas con remanente de tesourería afectado).

Vigo, 11 de maio de 2009

CONFORME,  
A XERENTE

Julia Chamosa Martín

O director dos Servizos Centrais

Juan González Ramírez